

XIV FESTA CORSARIA - Gago de Mendoza

IX CONCURSO DECORACIÓN E AMBIENTACIÓN

Primeira. O Concello de Marín convoca o IX Concurso de Decoración e Ambientación dentro do programa de actos da XIV Festa Corsaria.

Segunda. O obxectivo deste concurso é premiar os establecementos hostaleiros e mesas de particulares, que polo seu enxeño e ambientación corsaria merezan a consideración do xurado, e así incentivar á cidadanía marinense e aos visitantes, á participación e á ambientación nos actos organizados con motivo desta festa.

Terceira. Para participar será obrigatorio presentar solicitude de inscrición.

Cuarta. Tanto a temática como o deseño da decoración serán acordes coa época histórica.

No caso dos particulares valorarase a imaxinación, a idea, a estética, a orixinalidade, así como a vestimenta dos comensais.

Nos locais de hostalería valorarase a ambientación e decoración exterior, zona de terraza e vestimenta.

Quinta. PREMIOS:

Premio Local de Hostalería Corsario – 200€

Accésit Local de Hostalería Corsario – 100€

Premio Mesa Corsaria – 200€

Accésit Mesa Corsaria – 100€

Sexta. O xurado do concurso estará composto por representantes do Concello, asociacións e colectivos relacionados coa vida cultural marinense.

Sétima. A decisión do xurado e a entrega de premios farase o sábado 16 de agosto de 2025 ás 20:15h na Praza de España (Marín).

Oitava. A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das bases expostas.

A ORGANIZACIÓN